

LA DEFENSA, POR LA LIBERTAD

Pilar Pérez Solano, 2019

603

ESTREA EN NUMAX: 25.10.2019 | V.O.

La defensa, por la libertad (2019, 71')

Dirección: Pilar Pérez Solano

Guión: Pilar Pérez Solano

Elenco: Francisca Sauquillo, Ana María Ruiz-Tagle, Antonio Garrigues Walker, Juan Antonio Ortega Díaz-Ambrona, Óscar Alzaga, Cristina Almeida, Manuela Carmena, José María Mohedano, Pablo Castellano, Antonio Montesinos, Alejandro Ruiz Huerta, Jaime Sartorius, Fernando Ledesma, Miquel Roca, Juan Rodríguez Lozano e Josep María Antràs.

Montaxe: Fran García

Fotografía: Luis Jiménez Dafaucé

Dirección de arte: Andrea Ansola

Son: Julián Vaquera

Música: Óscar Maceda

Produtora: Transit Producciones (España)

Distribuidora: Elamedia

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA


Las maestras de la República, 2013

SINOPSE

Documental que recolle a historia da avogacía española desde mediados da década de 1960 a 1978, con imaxes inéditas e testemuños de prestixiosos avogados e avogadas que ergueron a bandeira do dereito, a xustiza e a democracia.

«Pérez Solano realiza unha merecida homenaxe á nosa democracia a través do testemuño daqueles que, desde o ámbito da avogacía, a fixeron posíbel. Reúne as voces de personalidades da política, o sindicalismo e a avogacía actual»

Marina Calvo, EL PALOMITRÓN.



Notas de produción e dirección

Resultaba interesante recuperar a memoria dun colectivo que conseguiu transformar a sociedade: a dos avogados e avogadas que loitaron pola democracia durante a Transición. No seu 75º Aniversario, o Consello Xeral da Avogacía impulsou este proxecto coa intención de difundir o labor fundamental que os xuristas levaron a cabo, xunto con outros grupos sociais, para derrocar a ditadura e conseguir os dereitos e liberdades que gozamos na actualidade.

É de xustiza recoñecer e homenaxear estes homes e mulleres polo gran labor e o enorme esforzo que levaron a cabo en beneficio da sociedade española. Foi unha honra coñecer os protagonistas desta historia, que deixaron a un lado intereses persoais, profesionais e partidistas para acadar un obxectivo común. Entre as testemuñas coas que contamos hai persoas de distintas ideoloxías, (demócrata cristiáns, liberais, socialistas, comunistas, etc.) que foron capaces de alcanzar grandes acordos, con altura de miras e verdadeiro sentido de Estado nun momento importante da historia de España.

Preocupábame especialmente que o documental tivese unidade estética. Contabamos con materiais de arquivo moi diferentes, con calidades distintas, tonalidades diversas, unificar todo iso non era fácil. Para iso puideron contar coa inestimábel axuda de Pep Sempere,

creativo gráfico que traballou sobre os materiais e creou a imaxe gráfica do documental para conseguir un conxunto coherente. Outro elemento fundamental era a música. Quería fuxir dos tópicos da música española dos setenta. Óscar Maceda entusiasmouse axiña co proxecto. Creou unha banda sonora con personalidade e sensibilidade que acompañou o espectador nos diferentes momentos emocionais do documental.

Abordar o guiño do filme tiña algúns retos. Son dez anos moi intensos da historia de España e condensalos en setenta minutos foi un labor difícil. O punto de partida era o acontecido no Congreso da Avogacía de León en 1970. Neste Congreso, a Avogacía sitúase publicamente a favor dun cambio e dunha apertura. Nel pídese a amnistía, un estatuto para os presos políticos e a abolición das xurisdicións especiais, entre outras moitas cousas. Os avogados chegan mesmo a levantarse e abandonar a sala en presenza do Ministro de xustiza Oriol e Urquijo. Este foi un feito moi significativo que marca o inicio da función social que a avogacía asume contra a ditadura. Pero era necesario contextualizar, por iso empezamos analizando a situación política que se vivía en España nos anos 60, o que ocorría nas universidades, nas rúas, as mobilizacións, a loita clandestina. A actuación da avogacía non era un feito illado.

Cando empecei a falar cos protagonistas desta historia descubrín a súa enorme xenerosidade. Abríronme as portas das súas casas, dos seus despachos e accederon rapidamente a contar a súa historia con verdadeira emoción. Foi marabilloso ver como se lles iluminaba

a mirada lembrando eses días onde a convicción de que unha sociedade mellor era posíbel, por enriba de calquera interese persoal. Eles e elas son a memoria viva da nosa historia. Por iso me pareceu interesante confeccionar o guiño sen unha voz en off, sen un narrador nin un fio argumental de ficción. Non facía falta. Tiñamos aos protagonistas que falan desde a experiencia directa. As mulleres avogadas levaron a cabo unha dobre loita. En palabras de Cristina Almeida «eu incorporei a loita pola igualdade á miña condición de avogada», e de Ana María Ruiz-Tagle «a primeira reforma do código civil que nos permite ser suxeito de dereito ás mulleres é a do 75, antes non eramos nada, non existíamos para o dereito». Xunta elas, Manuela Carmena e Paca Sauquillo cóntannos as dificultades para asumir a dobre militancia, as dos partidos políticos e as das asociacións feministas.

Publicado en elamedia.es
Tradución: Olalla Cociña

A directora

Pilar Pérez Solano é produtora, directora e guionista de cinema documental. Levou o Goya en 2014 ao mellor documental por *Las maestras de la República*. Comezou en 1993 no equipo de produción propia de Canal+. En 2007 fundou Transit Produccións, realizando documentais como *Murais*, seleccionado en Tempo de Historia na Seminci. Forma parte da Xunta Directiva de CIMA, Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais e é membro fundacional da Academia Valenciana do Audiovisual e da Academia de Cinema de España. Colabora co Master de Documental da Universidade Carlos III. Foi asesora de Presidencia da Generalitat Valenciana para o sector audiovisual, coa posta en marcha da nova televisión autonómica Àpunt e como Presidenta do Consello de Administración dos estudos Cidade da Luz de Alicante.

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

